Na década dos cincuenta, Enrique Gómez Pato comezou a percorrer as rúas de Verín con efémeras esculturas de madeira recubertas de plantas silvestres. Ao carón ou agochado no interior, el e os seus acompañantes cantaban e espallaban unhas coplas que a veciñanza agardaba pola súa creatividade e crítica. Na súa lembranza e para que se manteña esta manifestación da nosa cultura popular, o Concello de Verín organiza **o día 1 de maio** unha concentración de maios tradicionais, artísticos ou -só para o alumnado de Infantil- feitos con refugallos, que se rexerá polas seguintes
BASES
:

1ª.- Nesta concentración non competitiva poden **inscribirse**, no Concello de Verín, **antes do día 21 de abril**
,
centros de ensino
,
institucións; e
asociacións da comarca de Verín
, rexistradas.

2ª.- Os **maios** participantes colocaranse no **Parque da Alameda**, o día **1 de maio**, nos lugares que a organización
determine, das
10 h até que remate a festa.

3ª.- Os maios **artísticos e enxebres terán que ir recubertos na súa totalidade con elementos naturais (** xestas, carrabouxos, flores, madeiras, etc). *Os maios do alumnado de*
Educación Infantil
, exteriormente, utilizarán
materiais de refugallo
ou naturais

4ª.- Como **axuda para as custas de montaxe do maio**, a cada asociación que concorra á concentración e cumpra coas Bases entregaráselle 120
coplas. Como excepción, aos centros de ensino, polas características específicas das comunidades educativas, entregaráselle copla para o arquivo e unha cantidade en metálico de

200 €, que será de 250 euros se o centro presenta, ademais do maio artístico ou tradicional, un maio feito por alumnado de Educación Infantil.

5ª.- As **coplas** serán **elaboradas polos grupos participantes**, segundo as **directrices** seguintes:

A.- A copla **non** terá **menos** de **16 estrofas** de catro versos **nin máis das que**, nunha tipografía lexíbel,
se poidan reproducir nun DIN A4 impreso a unha cara
. Para a estrutura da redacción da copla aconséllase que as estrofas se agrupen segundo a temática que desenvolvan

B.- **O colectivo redactor responsabilízase da autoría do texto**. **O Concello**, qu**e** non realizará ningunha revisión do texto previa á impresión (agás que o colectivo redactor o solicite expresamente),
aconsella que
se
coide tanto a estrutura literaria como a corrección idiomática
.

C.- O texto **enviarase a cultura@verin.gal até o día 25 de abril**.

D.- Das coplas farase unha edición única e conxunta con **obxectivos culturais e sociais**. Para a tratar de obter os fins sociais, as
doazóns
que se recaden no reparto de
800 exemplares
destinaranse ao
financiamento de programas de investigación para a prevención e a cura do cancro, promovidos pola Asociación Española Contra o Cancro
. Animamos tamén a colectivos e persoas a faceren doazóns para esta causa na conta: ES68 2080 0475 5630 4000 0077 (ABANCA).

6ª.-A **interpretación** destas **Bases**, a admisión de participantes e as decisións sobre calquera extremo non regulamentado son un **dereito exclusivo** do **Concello de Verín**

.